

1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES SEN FINS DE LUCRO DE ÁMBITO SUPERIOR AO MUNICIPAL OU FEDERACIÓNS **PARA A REVITALIZACIÓN DO COMERCIO DE PROXIMIDADE E INCENTIVACIÓN DO CONSUMO A TRAVÉS DO TICKET DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL (CODIGO CO300B)**

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

OBXECTIVO: A INCENTIVACIÓN DA DEMANDA COMERCIAL E O INCREMENTO DAS VENTAS DO COMERCIO RETALLISTA A TRAVÉS DO TÍCKET DINAMIZACIÓN COMERCIAL

3. TIPOS DE APOIO

SUBVENCIONS A FONDO PERDIDO EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA E SUXEITAS AO RÉXIME DE MÍNIMIS (non exceder límite de 200.000 euros en subvencións suxeitas a mínimis nun periodo de tres anos)

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

PODERÁN SER BENEFICIARIOS:

1. ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES, SEN FINS DE LUCRO QUE ESTEAN LEGALMENTE CONSTITUÍDAS E **CUXO ÁMBITO DE ACTUACIÓN** SE DESENVOLVA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E **SUPERE O MUNICIPAL**. Entenderase que estas Asociacións teñen ámbito de actuación superior ao municipal, cando polo menos o 50% dos comercios retallistas asociados se atopen en dous ou máis Concellos diferentes a aquel onde radique a sede da Asociación.

TAMÉN PODERÁN SER BENEFICIARIAS AS **FEDERACIÓNS DE ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES, LEGALMENTE CONSTITUIDAS, QUE PRETENDAN LEVAR A CABO PROXECTOS DE INTERESE E TRANSCENDENCIA NO ÁMBITO COMERCIAL**. No caso que o ámbito territorial da Federación non supere o municipio, éste deberá contar con ´mais de 68.000 habitantes

5. SECTORES INCENTIVABLES

SECTOR COMERCIO

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

AS ACTUACIÓNS SERÁN SUBVENCIONABLES SEMPRE E CANDO SEXAN REALIZADAS E EFECTIVAMENTE PAGADAS ENTRE O 1 DE XANEIRO DO 2020 E O 15 DE OUTUBRO DO 20120 Tamén se consideran subvencionables os gastos relativos as actuacións que se inicien no mes de decembro do 2019 e teñan continuidade ininterrompida no exercicio 2020, concretamente as actuacións derivadas da campaña do NADAL 2018-2019

AS SOLICITUDES PRESENTARANSE OBRIGATORIAMENTE POR MEDIOS ELECTRÓNICOS, Á TRAVÉS DO FORMULARIO NORMALIZADO DISPOÑIBLE NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA: <https://sede.xunta.gal> Para a presentación de solicitudes, poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica de Galicia (ex. certificados dixitais fábrica nacional moneda e timbre; DNI electrónico; chave365 A documentación complementaria presentarase vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

TODOLOS TRÁMITES ADMINISTRATIVOS DEBEN SER REALIZADOS ELECTRÓNICAMENTE ACCEDENDO Á CARPETA CIADÁN DA PERSOA INTERESADA DISPOÑIBLE NA SEDE ELECTRONICA DA XUNTA DE GALICIA.

7.CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

8. INVERSIÓNS E/OU GASTOS COMPUTABLES

CONSIDERANSE ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES A INCENTIVACIÓN DA DEMANDA COMERCIAL E DO CONSUMO QUE FACILITE O DESENVOLVEMENTO E A MELLORA DA ACTIVIDADE COMERCIAL LEVADA A CABO POLAS ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES DE ÁMBITO SUPERIOR AO MUNICIPAL OU FEDERACIÓNS, A TRAVÉS DE: Campañas de dinamización ou actuacións encamiñadas á promoción das vendas que se deberán presentar dentro dun proxecto de incentivación ao consumo en que se amose a participación directa das asociacións de comerciantes integrantes da entidade beneficiaria ou dos establecementos comerciais asociados de ser o caso. NON SE CONSIDERAN SUBVENCIONABLES AS ACTUACIÓNS QUE DESENVOLVAN AS FEDERACIÓNS EN ÁMBITOS TERRITORIAIS ONDE EXISTA UN CCA QUE FOSE SUBVENCIONADO NO ANO ANTERIOR POLA DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

Os gastos financeiros, os de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals, periciais e os gastos de garantía bancaria poderán ser subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados entre o 1 de Xaneiro de 2020 e o 15 de Outubro do 2020 salvo as excepcións xa explicadas (ex campaña nadal 2019-2020), e en ningún caso, o custo da adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

NON SERÁN SUBVENCIONABLES:

- Os custos de persoal
- Os agasallos promocionais, nin a realización de cócteles e actos análogos.
- As campañas de dinamización, promoción ou calquera outra actuación que teñan exclusivamente por finalidade o patrocinio, colaboración ou axuda económica que comporten actividades lúdicas, turísticas, de exaltación gastronómica, ou similares, sen relación co fomento da actividade comercial.
- As bolsas comerciais
- As actuacións promovidas polos centros comerciais abertos ou polas asociacións de praceiros das prazas de abastos.

9. CONTÍA DAS AXUDAS

O INVESTIMENTO MÁXIMO SUBVENCIONABLE SÉRA:

-70.000 euros PARA AS FEDERACIÓNS QUE CONTEN CON 20 OU MÁIS ASOCIACIÓNS FEDERADAS

-48.000 € PARA AS FEDERACIÓNS QUE CONTEN CON MENOS DE 20 ASOCIACIÓNS FEDERADAS

-13.000 € PARA AS ASOCIACIÓNS DE ÁMBITO SUPERIOR AO MUNICIPAL.

****NO CASO DAS FEDERACIÓNS, NON SE TERÁN EN CONTA NO CÓMPUTO PARAR OS EFECTOS DE DETERMINAR O INVESTIMENTO MÁXIMO SUBVENCIONABLE, OS ASOCIADOS QUE O ANO ANTERIOR PERCIBISEN DA D.X DE COMERCIO E CONSUMO ALGUNHA SUBVENCIÓN DESTINADA Á DINAMZIACIÓN DE CCAS.**

NO SUPUESTO QUE O NÚMERO DE COMERCIOS INTEGRADOS NAS FEDERACIÓNS E NAS ASOCIACIÓNS DE ÁMBITO SUPERIOR AO MUNICIPAL, SEXA INFERIOR A 100, O IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SE LLE CONCEDA AO BENEFICIARIO MINORARASE NUN 50%. PARA OS EFECTOS DESTE CÓMPUTO TERASE EN CONTA OS SALÓNS DE PEITEADO.

O TICKET DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL CORRESPONDENTE AS ASOCIACIÓNS E FEDERACIÓNS QUE TEÑAN A CONDICIÓN DE BENEFICIARIOS (porcentaxe de subvención) SERÁ O 70% DO INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE.

So se terán en conta para determinar o investimento máximo subvencionable, aquelas asociacións federadas ou comercios que acrediten a súa condición de federados ou asociados, mediante a xustificación documental do aboamento de cando menos o 70% das cotas do ano 2019. A xustificación poderá ser substituída por unha declaración responsable segundo ANEXO VIII.

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

UN MES CONTADO A PARTIR DO DÍA SEGUINTE AO DA PUBLICACIÓN DESTA ORDE NO DOG. ENTENDERASE QUE O PRAZO VENCE O DÍA CUXO ORDINAL COINCIDE CO QUE SERVIU DE PARTIDA, ISTO É, QUE **O PRAZO REMATARÍA O 19 DE XULLO DO 2020, PERO AO COINCIDIR EN DOMINGO, E SER UN DÍA INHÁBIL, PRÓRROGASE DITO PLAZO E REMTA O 20 DE XULLO DO 2020.**

TODOS OS TRÁMITES ADMINISTRATIVOS DEBEN SER REALIZADOS ELECTRÓNICAMENTE ACCEDENDO Á CARPETA CIUDADÁN DA PERSOA INTERESADA DISPOÑIBLE NA SEDE ELECTRONICA DA XUNTA DE GALICIA.

11. INCOMPATIBILIDADES

O importe das subvencións reguladas nesta orde, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas das distintas administracións, ou calquera dos seus entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade subvencionada.

12. REFERENCIA LEGISLATIVA

ORDE DE 5 DE XUÑO DO 2020 (DOG 19 DE XUÑO DO 2020)

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO. Telf. contacto: **981 54 45 30**

cei.dxc.axudas@xunta.gal / <http://ceei.xunta.gal/portada>

14. OBSERVACIÓNS

DOCUMENTACIÓN SOLICITUDES:

- FORMULARIO DE SOLICITUDE –ANEXO II-
 - ACTA E ESTATUTOS E MODIFICACIÓNS POSTERIORES NO SEU CASO, E ACREDITACIÓN DA SÚA INSCRIPCIÓN NO REXISTRO CORRESPONDENTE.
 - PODER SUFICIENTE DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE SOLICITANTE.
 - EXENCIÓN DE IVE NO SEU CASO.
 - MEMORIA DAS ACTUACIÓNS QUE INCLUIRÁ CANDO MENOS: descrición; obxectivos; localización; calendario de realización; e o número e características dos participantes e beneficiarios
 - COPIA DA ACTA DA SESIÓN NA QUE SE INFORMOU AOS ASOCIADOS DO PROXECTO PARA O CAL SE SOLICITA SUBVENCIÓN
 - ORZAMENTO DETALLADO DE GASTOS PREVISTOS PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO **SEGUNDO ANEXO III** O E FACTURAS OU FACTURAS PRO FORMA DAS ACTIVIDADES OU PRESTACIÓN DE SERVIZOS, coa desagregación de conceptos e contías, ASÍ COMO PLAN DE FINANCIAMENTO DO PROXECTO. **Cando o importe do gasto subvencionable supere 40.000 euros no suposto de execución de obra ou 15.000 no demais casos, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, antes da contratación.** Si non se escolle finalmente a oferta máis vantaxosa economicamente entre as presentadas, haberá que xustificalo cunha memoria económica segundo requisitos detallados na Orde.
 - ORZAMENTO DO EXERCICIO CORRENTE DA ENTIDADE
 - CERTIFICADO DO SECRETARIO DA ENTIDADE QUE ACREDITE:
 - * NÚMERO DE ASOCIACIÓNS QUE A INTEGRAN E O NÚMERO DE COMERCIOS POLO MIÚDO ASOCIADOS A CADA UNHA DELAS, NO CASO DAS FEDERACIÓNS;
 - * NÚMERO DE COMERCIOS POLO MIÚDO QUE TEÑAN ASOCIADOS NO CASO DAS ASOCIACIÓNS DE ÁMBITO SUPERIOR AO MUNICIPAL
- EN AMBOS CASOS RELACIÓNS DETALLADA E ACTUALIZADA, EN SOPORTE INFORMÁTICO, CON INCLUSIÓN DE: o nome do titular e do establecemento; as epígrafes do IAE, enderezo postal e telefónico, concretando si é o caso, as entidades participantes no proxecto e actuacións que se van desenvolver.

- TRANSFERENCIA BANCARIA, CERTIFICACIÓN BANCARIA OU EXTRACTO DE PAGAMENTO DE COTAS ABOADAS POLOS COMERCIOS ASOCIADOS NO ANO 2019, NOS CALES QUEDE CLARAMENTE IDENTIFICADOS OS EMISOR E RECEPTOR DO PAGAMENTO OU DECLARACIÓN RESPONSABLE CONTIDA NO **ANEXO IV** DAS COTAS ABONADAS POLOS ASOCIADOS NO 2018
- A ADMINISTRACIÓN COMPROBARÁ DIRECTAMENTE SIN NECESIDADE DE PRESENTARSE A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN: DNI PRESIDENTE; CIF ENTIDADE, ESTAR AO DÍA COAS OBRIGAS COA SEGURIDAD SOCIAL, XUNTA DE GALICIA E AXENCIA ESTATAL TRIBUTARIA; INHABILITACIÓNS PARA OBTENIR SUBVENCIONS; CONCESIÓNS DE SUBVENCIONS E AXUDAS; CONCESIÓNS POLA REGRA DE MÍNIMOS; **Só no caso de denegar autorización para realizar as comprobacións oportunas, deberán presentarse estos documentos.**

NON SERÁ NECESARIO ACHEGAR OS DOCUMENTOS QUE XA FORON PRESENTADOS ANTERIORMENTE. PARA ESTES EFECTOS, A PERSOA INTERESADA DEBERÁ INDICAR EN QUE MOMENTO E ANTE QUE ÓRGANO ADMINISTRATIVO PRESENTOU OS CITADOS DOCUMENTOS.

XUSTIFICACIÓN: PARA COBRAR A SUBVENCIÓN OUTORGADA, A ENTIDADE BENEFICIARIA DEBERÁ PRESENTAR A DOCUMENTACIÓN ESIXIDA NO **ARTIGO 17** DA ORDE **ATA O 15 de Outubro do 2020.**